




Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

MEMORIA FINAL DO PROXECTO XESTIÓN DA MATERIA ORGÁNICA 'IN SITU' NO CONCELLO DE ALLARIZ

18 de novembro, 2021






ADEGA
(Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza)

Avda. de Castelao 20, baixo
15704 Santiago de Compostela
www.adega.gal
compostaxe@adega.gal

Autoras
María Amigo Regueiro
Itziar Díaz Feijóo



Índice de contidos

Introdución	1
Obxectivos	2
Situación e análise actual	3
Actuacións realizadas	6
Campaña de divulgación e educación ambiental	9
CENTROS DE ENSINO	9
CHARLAS EN PARROQUIAS	10
CAMPAÑA INFORMATIVA PORTA A PORTA	10
VISITAS DE SEGUIMIENTO DE COMPOSTAXE CASEIRA	11
CURSO DE FORMACIÓN	11
CREACIÓN DE MATERIAL DIVULGATIVO	12
Resultados	13
Propostas de mellora	16
Conclusións	20
Agradecementos	21
Anexos	22
I. Folleto campaña porta a porta	22
II. Enquisa Compostaxe Comunitaria	23
III. Folleto campaña “Eventos Sostibles”	25
III. Galería de imaxes	26
IV. Dossier de prensa	30

Introdución

Os residuos sólidos urbanos (R.S.U) son na sociedade actual un dos principais problemas medio ambientais xerados pola actividade humana. Descartes incómodos de difícil tratamento para uns, ou recursos potencialmente reciclables para outros. Os R.S.U. están compostos por materia orgánica (a partir de agora MO), papel e cartón, vidro, plástico, metais, madeiras e outros descartes.

En Galiza recolléronse aproximadamente un millón de toneladas de RSU no 2019 (últimos datos proporcionados por SOGAMA). A taxa de reciclaxe na Galiza sitúase arredor do 13%. Pois o destino da maior parte dos residuos continua a ser o vertedoiro e/ou a incineración. No concello de Allariz, coa implantación nos últimos 6 anos do Servizo RE, as taxas de separación xa acadan un 50%. A piques de cumprir os obxectivos da Directiva Marco.

Na xestión dos residuos domésticos é necesario un cambio das costumes actuais. A imposición do estilo de vida urbano fixo que o volume de residuos fora aumentando notablemente nas últimas décadas. Traballar na redución e na correcta separación en orixe das distintas fraccións é tanto ou máis importante como a escolla do tratamento máis axeitado para a súa posterior xestión.

Estas obrigas, determinadas en diversas directivas e resolucións europeas contemplan a compostaxe, como prioridade na xerarquía de tratamento da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos.

A necesidade dun sistema regular de recollida de residuos inertes (papel, vidro, envases...), voluminosos e perigosos é incuestionable, pero tamén parece conveniente evitar que os residuos orgánicos entren nestas mesmas vías de recollida. Primeiro porque para unha xestión descentralizada dos mesmos, é necesaria (e mesmo imperativa por lei) a súa recollida separada en orixe. Segundo, porque na propia vivenda rural, e en calquera vivenda que conte cun pequeno xardín, danse condicións idóneas para o tratamento *in situ* destes residuos orgánicos, con inmejorables vantaxes ecolóxicas e económicas.

Podemos observar, segundo a lexislación existente, que a xestión dos biorresiduos segue sendo un tema incómodo, que se permite máis non se estimula nin se fixa como prioridade inmediata.

A produción de compost a nivel doméstico, ou comunitario, preséntase como a solución máis ecolóxica, razoable e económica para os residuos orgánicos, combinada no seu caso coa

alimentación animal. Máis de 300.000 familias galegas de zonas rurais, semirurais e urbanas poden solucionar o problema dunha gran parte do lixo mediante a compostaxe caseira; cos restos das podas e do xardín, os restos de comidas ou de vexetais pódese elaborar compost co que se completa o ciclo natural da materia orgánica e dos nutrientes, regresando estes á horta e ó xardín.

En termos de este coñecemento, no concello de Allariz lévanse facendo durante anos accións para que esta fracción orgánica non remate nun vertedoiro. Dende a instalación de composteiros comunitarios na vila, repartidos en puntos estratéxicos con diferentes modalidades de áreas ata o reparto de composteiros domésticos a fogares que dispoñan dunha horta ou xardín. Os composteiros comunitarios son instalados nas zonas verdes municipais segundo as necesidades das persoas empadroadas e do consumo de auga da traída das zonas próximas ao radio de influencia dos espazos de compostaxe comunitaria. A colocación dos composteiros comunitarios de gran capacidade basease na idea de levar a cabo unha rotación suficiente da masa de residuos como para poder permitir a que os aportes de MO dos particulares maduren o tempo necesario para transformarse en compost.

Obxectivos

Como obxectivo xeral do Programa de Compostaxe preténdese divulgar a compostaxe e demostrar a viabilidade deste modelo descentralizado de xestión dos residuos orgánicos ao tempo que se vai consolidando como unha alternativa ecolóxica e de futuro.

Como obxectivos específicos salientáanse os seguintes:

- Analizar o funcionamento das 24 áreas de compostaxe comunitaria e ampliar as áreas que precisen un maior número de composteiros ademais doutras melloras posibles.
- Repartir 200 composteiros domésticos as persoas que así o soliciten.
- Coñecer e controlar o proceso de fermentación nunha masa de desfeitos orgánicos procedentes dunha vivenda, até chegar ao compost final apto como fertilizante para a horta ou o xardín.
- Fomentar e manter o contacto das persoas coa terra, a través da participación directa na reciclaxe da materia orgánica e a incorporación ao solo.

- Recuperar as prácticas tradicionais da "esterqueira" para tratar os residuos orgánicos e melloralas coa introdución de novos parámetros de control das condicións para a obtención dun fertilizante.
- Divulgar na sociedade en xeral a viabilidade da compostaxe e atraer o interese dos medios de comunicación cara esta práctica de aproveitamento dos residuos a través do exemplo.
- Implicar a sociedade na resolución dunha problemática a nivel mundial como é a contaminación dos residuos
- Reducir a cantidade de materia orgánica que vai a parar os contedores do concello.
- Mellorar a separación selectiva do resto das fraccións.

Situación e análise actual

COLECTOR FRACCIÓN RESTO (VERDE)

En 2020 recolléronse un total 1.746.060 kg, en máis de 300 colectores de 800 litros repartidos pola vila, polígonos, e os 92 núcleos de poboación do concello.

Na vila recóllese con carácter diario agás os domingos e nas aldeas unha vez á semana ou 2 no verán. Estímase con carácter xeral que na cantidade que se recolle a nivel galego hai un 40% de materia orgánica que se podería compostar, e outro 40% de impropios (envases e plásticos, vidro e cartón), supoñendo uns 421 kg/hab/ano, no 2020.

En Allariz a estimación é de 277 kg/hab/ano en canto á recollida en contedor verde. Debe terse en conta con todo que ós 6400 habitantes do municipio de Allariz, hai que engadir un factor de estacionalidade producido pola forte afluencia de turistas e poboación residente estacional, que evidentemente incrementan os datos de produción de lixo. Chegando o mes de Agosto a duplicar os datos de lixo entregado no mes de Febreiro.

Estas cifras seguen a ser moi elevadas tendo en conta que existen os programas de compostaxe comunitaria e caseira en todo o concello de Allariz. Por iso é importante realizar accións de divulgación, educación ambiental e de reforzo sobre o consumo e xestión responsable dos residuos en todos os sectores da poboación.

COLECTOR ENVASES LIXEIROS (AMARELO)

No ano 2020 recolléronse 155.840 kg, procedentes de aproximadamente 200 colectores de 800 litros repartidos pola vila, polígonos, e parte dos 92 núcleos de poboación do concello. Percíbese que o esforzo feito nos últimos anos no incremento do número de contedores de amarelos, acompañado do resto de medidas, supón unha mellora nas cifras de reciclaxe. Sobre todo no verán cando a poboación aumenta por número de visitantes os contedores amarelos están moi cheos en distintas zonas da vila de Allariz, polo que temos observado nos controis realizados ao longo da presente memoria final.

Segundo os datos proporcionados por ECOEMBES a cantidade de residuos expresada en kg do Contedor Amarelo no ano 2020 amosase na seguinte táboa:

Táboa 1. Resultados da recollida do contedor amarelo no ano 2020

Meses	Total (kg)
Xaneiro	11400
Febreiro	9800
Marzo	13200
Abril	12100
Maio	11780
Xuño	13640
Xullo	14640
Agosto	17700
Setembro	13120
Outubro	13020
Novembro	11520
Decembro	13920
TOTAL	155840
Media mensual	12986,667
Ratio poboación kg/hab/ano	24,3

COLECTOR DE PAPEL E CARTÓN

En 2020 recolléronse 114990 kg procedentes de 50 colectores repartidos pola vila. Ademais tamén se realizou unha recollida selectiva porta a porta na hostalaría, empresas, residencias, no polígono empresarial e en espazos municipais. Este tipo de recollida, faise tódolos venres e permite evitar a colmatación dos contedores habilitados nos espazos públicos, ao tempo que facilita a reciclaxe aos locais comerciais. A entrega final realizase a un xestor autorizado, neste caso UTRAMIC. A cantidade deste tipo de residuo no ano 2020 foi de 24.380 kg.

COLECTOR DE VIDRO

En 2020 recolléronse un total de 209.830 kg de 30 colectores situados na vila de Allariz, no polígono e nalgúns núcleos de poboación do concello. Ademais tamén se recolleu este tipo de residuos mediante o sistema porta a porta na hostalaría situada no casco histórico.

En 2020 recolléronse 209.830 kg de aproximadamente 70 contedores tipo “iglú” repartidos pola vila, polígonos e nas 16 parroquias do concello. Ademais tamén se executa unha recollida porta a porta na hostalaría do casco histórico e outros puntos da vila de Allariz. Para isto tamén se incrementa a dotación de “iglús” e entregáronse novos colectores con sistema “vacri”, naqueles locais que así o requiriron. Ao longo do ano 2021 o total de colectores de vidro instalados é de 77.

COMPOSTAXE COMUNITARIA

Tal e como se indica anteriormente, nos últimos anos instaláronse en Allariz un total de 24 áreas ou illas de compostaxe comunitaria, sumando un total de 120 compostadores de gran capacidade modelo VERMICAN, cunha ampliación de 15 composteiros nesta anualidade, froito do proxecto que nos ocupa. Para establecer as zonas susceptibles de ampliación realizáronse visitas de control ao longo de varios meses e entrevistouse ao persoal municipal responsable do manexo das mesmas.

Asimesmo, realízase recollida porta a porta nos grandes produtores (fornos de pan, froiterías, peixerías, florerías, e sobre todo nos restaurantes, que suman un total de 42). A capacidade de MO que se pode chegar a compostar nos distintos medios implantados no concello supera as 3.000 toneladas anuais, contando os máis de 500 composteiros individuais repartidos en fincas e xardíns.

Todas a áreas de compostaxe comunitaria actualmente están en funcionamento, e para estimar a cantidade de persoas usuarias e a cantidade de residuos que aportan ás áreas de compostaxe realizouse unha campaña porta a porta por toda a vila de Allariz.

Actuacións realizadas

COMPOSTAXE COMUNITARIA

En toda a vila de Allariz instaláronse 24 áreas de compostaxe comunitaria en zonas verdes municipais, que contan cun total de 120 composteiros de gran capacidade (1000 L). As accións realizadas polo persoal técnico de ADEGA foron as seguintes: reparto de cubos marróns de 10 L para que as persoas usuarias poidan transportar os residuos orgánicos, campañas de divulgación e sensibilización porta a porta con reparto de folletos. Ao longo deste ano ampliáronse as áreas de compostaxe ata chegar a un total de 135 en total. Ademais foron instaladas por parte do concello 10 zonas de aportación de restos vexetais procedentes das podas e outros restos de xardín que son moi utilizadas por parte da veciñanza e que están en proceso de mellora.

COMPOSTAXE EN PLANTA DE AGROCOMPOSTAXE

O Concello está a realizar unha recollida selectiva da MO dos grandes produtores, con medios propios para o seu tratamento mediante un compostador BigHanna instalado no Parque Empresarial de Chorente e sistema de pilas en silos tricheira. Esta dotación ven dada grazas aos fondos do Programa PIMA, fondos do Plan Provincial de Obras, do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia e fondos propios municipais.

COMPOSTAXE CASEIRA

No presente proxecto de nova anualidade estivo prevista a entrega de 150 composteiros (100 de 450L e 50 de 850 L), tanto nas zonas rurais como na vila. Xa en anos anteriores foron repartidos 350 composteiros polo que actualmente están en funcionamento, grazas á nova achega, un total de 500 composteiros domésticos. Co esta nova remesa preténdese que a porcentaxe de MO presente no contedor verde sexa mínima chegando a desaparecer. Malia que certamente queda moito percorrido por facer e seguramente se precisará seguir apostando por un proceso progresivo de concienciación ambiental, e incluso nunha fase mais avanzada no establecemento de accións punitivas cara aqueles mais reticentes a incorporarse ao proceso de separación e reciclaxe dos RSU.

Cabe resaltar que, tal e como se indicou anteriormente, a capacidade de MO que pode chegar a compostarse nos distintos medios implantados no Concello supera as 3.000 toneladas anuais.

Galicia caracterízase por ser unha comunidade con poboacións moi dispersas, unha gran parte pertence a zonas rurais que constan de núcleos de poboación con poucos habitantes. O mesmo acontece no concello de Allariz, existen moitos núcleos de poboación, en concreto 92, de poucos

habitantes, máis a maioría de fogares están situados en fincas rústicas que contan cunha zona verde de xardín ou horta na que poden instalar o composteiro tanto comunitario como individual.

A xestión dos residuos orgánicos nesta tipoloxía de núcleos é moi complexa se aplicamos a óptica predominante na actualidade, xa que a recollida dos mesmos en contedor non é sinxela e quedaría desaconsellada polos seguintes factores:

- Precísanse camións o furgonetas, en moitos casos adaptados, xa que polo seu volume en moitos casos non poderían acceder ós núcleos.
- Ao estar tan dispersos a eficiencia do desprazamento é moi deficitaria.
- Non é eficiente poñer moitos contedores, sobre todo os verdes, xa que a presenza dos mesmo inflúe na mala separación da veciñanza.
- As recollidas son máis separadas no tempo que as da vila, debido a todos os inconvenientes anteriores, o que favorece a presenza de cheiros, insectos e outra fauna que se achega aos mesmos na procura de alimento.

Por tanto, se no contedor de fracción resto non existira a presenza de materia orgánica, as recollidas do mesmo poderían ser na mesma temporalidade que os contedores de vidro, papel e cartón e o de envases lixeiros; xa que non habería problemas de putrefacción e malos cheiros, dando a posibilidade de realizar unha recollida máis eficiente e ecolóxica. Podendo en último caso, incrementar o número destes últimos co fin de minimizar desprazamentos. Cabe destacar que este podería ser un plantexamento interesante nun futuro, froito do presente estudo, a implementación de vehículos compactadores de recollida con capacidade para dúas fraccións diferenciadas, reducindo o número de viaxes á metade.

Este tipo de xestión da MO, plantexada no presente informe, contribuímos a autoxestión e recuperación total de esta fracción, diminuindo a pegada ecolóxica e sendo máis eficientes na xestión dos RSU. Un dato estimable é o aforro conquerido nas emisións de dióxido de carbono derivadas do transporte dos residuos e da incineración dos mesmos.

COLECTORES DE RECICLAXE

Detectouse a necesidade de dotar con colectores de envases lixeiros de 800 L de capacidade nos seguintes emprazamentos do concello:

- Parroquias de Coedo e San Miguel Torneiros (a visita con charla nesta zona permitiu que a veciñanza trasladara esta demanda, xa que esta ruta completa de camiión que abrangue dúas parroquias carecía deste servizo), coas seguintes localizacións:
 - Guimarás
 - Torneiros
 - Peñaflor
 - San Miguel
 - Paradiñas
 - Outeiro de Torneiros
 - Coedo
 - As Pegas

Tamén se observou outras zonas de incremento de capacidade a instalar:

- Estrada N-525 á altura da Centro de REMAR. (antiga discoteca Tai-Tai)
- San Vitoiro no lugar de Azós e nas Cruces. Puntos de paso moi comúns nesta zona de diseminado.
- Parque Empresarial de Chorente e no novo local de Pádel Allariz.
- No vial que conduce a Vilariño de Tras do Convento. Só existen tres construcións habitadas, pero resulta un punto de saída de veciños da Vila que depositan aquí o seu lixo e foi reiteradamente solicitado nas visitas do entorno da Praza do Pombal.
- No Campo da Feira (A Barreira), recomendouse o incremento dun colector fronte o Bar Novo e 2 mais fronte á Droguería Bolboreta. A presenza dun local de venda de electrodomésticos neste entorno, fai que se xeren envases de gran volume que colman os contedores rapidamente o que se debe engadir que absorben boa parte dos envases xerados no Casco Histórico da Vila.
- Espazo

Por outra banda houbo que recolocar e incrementar a presenza de colectores de papel e cartón nas seguintes zonas:

- Segundo contedor na Rúa da Silvela (onde un forno industrial de pan).
- Mudáronse un de fibra e boca estreita por un metálico e de carga mais sinxela, tanto na rúa da Calzada e como na urbanización Sol do Arnoia.
- Novo contedor na Rúa Godalla.

- Un dos contedores de fibra retirados reutilizouse para dar servizo ao carón da Cidade Deportiva de O Seixo.

Con respecto os contedores de vidro instaláronse algúns nas seguintes zonas:

- Enfestela
- Coedo
- Santa Baia
- Na estrada N525 á altura da antiga discoteca Tai-Tai (Centro Remar).
- Na Acea Rica, cando menos no verán, xa que este espazo fluvial ten unha gran afluencia de persoas nesta época do ano.

Finalmente, nas visitas de seguimento de compostaxe e no porta a porta a veciñanza manifestou que algúns colectores saturábanse con frecuencia, especialmente o do vidro tal e como comentou o responsable de Vidro SOTREGA SL, nas seguintes localizacións:

- Estrada de Celanova (onde a depuradora municipal)
- Praza Modesto Seara ó detectarse a necesidade de reforzo nestas localizacións, segundo o consultado ao responsable de Vidro SORTEGA SL.

Neste caso quedou pendente a implementación dun quinto iglú de vidro na zona de acopio que ten o Concello no Parque Empresarial de Chorente. Xa que nesta zona é onde se acumula o vidro recollido no porta a porta de hostalaría, e que en momentos puntuais observouse que non é suficiente. Isto obrigou aos traballadores a buscar colectores que non estean cheos pola Vila, o cal resulta pouco eficiente. Esta situación foi posta en coñecemento por parte do Concello a ECOVIDRIO, solicitando unha nova entrega de iglús como xa se fixera na primavera de 2021, logo dunha primeira análise.

Campaña de divulgación e educación ambiental

CENTROS DE ENSINO

Nos centros de ensino fixéronse diversas accións. En primeiro lugar deixouse a exposición de compostaxe tanto no CEIP Padre Feijoó como no IES Allariz durante dous días. Por outra banda, impartíronse en total 10 charlas de compostaxe no CEIP e no IES.

Con estas accións preténdese fomentar a conciencia sobre unha xestión responsable dos residuos e a correcta separación en orixe, ademais de aprender os múltiples beneficios e

posibilidades da compostaxe tanto comunitaria como caseira. Isto permite achegar dende o compromiso xuvenil esta proposta aos domicilios. Tráballouse co alumnado do CEIP no horto escolar, como exemplo práctico de emprego do resultado da compostaxe para abonado do invernadoiro e a horta.

Resulta fundamental dar continuidade a este traballo tanto de formación do profesorado como de concienciación do alumnado como fórmula de éxito no presente e no futuro.

CHARLAS EN PARROQUIAS

Impartíronse charlas informativas sobre a correcta separación en orixe nas parroquias de Peñaflor, San Vitoiro e Torneiros, que recentemente foron dotadas de colectores de envases lixeiros. As persoas participantes aprenderon os diferentes tipos de colectores que hai e os residuos que deben botar en cada un deles, ademais de conceptos sobre o eixo dos 3R (reducir, reutilizar, reciclar e compostar).

Ademais, o persoal técnico de ADEGA e o concelleiro de Medio Ambiente do concello de Allariz animaron a toda a veciñanza a solicitar un composteiro doméstico, explicándolles os beneficios do proceso da compostaxe, malia que a maioría das persoas asistentes por idade e prácticas do rural xa o coñecen moi ben facendo “pilas” ou “esterqueiras” .

As charlas nas parroquias tiveron lugar en data e hora tal e como se amosa a continuación:

- Peñaflor- data: 20/07/2021 ás 20:00 h
- San Vitoiro- data: 21/07/2021 ás 17:00 h
- Torneiros – data: 21/07/2021 ás 20:00 h
- Fundación Ramón González Ferreiro
- Centro de Educación Ambiental O Rexo
- Salón de Plenos do Concello de Allariz
- Mercado da Reserva da Biosfera – Praza de Abastos
- Festival Internacional de Xardíns.
- Casa da Mocidade

CAMPAÑA INFORMATIVA PORTA A PORTA

Realizouse unha campaña informativa porta a porta na vila de Allariz, na que as educadoras ambientais e responsables dos proxectos de compostaxe de ADEGA, visitaron as vivendas para informar sobre a importancia de sumarse ao proxecto de compostaxe do concello, ademais de explicar o funcionamento dos composteiros comunitarios, resolvendo dúbidas e preguntas e

entregando un folleto (ver Anexo I) á veciñanza no que figuran información práctica sobre os colectores, a correcta separación tanto para os composteiros como para o resto de colectores. Visitáronse arredor dunhas 800 vivendas, naquelas nas que a xente non sabía nada sobre o proxecto de compostaxe (persoas que levan pouco tempo vivindo no concello) explicóuselles como utilizalos e posteriormente foilles entregado un cubo marrón para a separación dos residuos orgánicos.

Alén da parte informativa da visita porta a porta tamén levouse a cabo unha enquisa (ver Anexo II) para coñecer o uso dos composteiros, e a satisfacción dos usuarios con eles, tamén para saber se precisan algunha mellora.

VISITAS DE SEGUIMIENTO DE COMPOSTAXE CASEIRA

Como indicamos anteriormente, no presente proxecto, o obxectivo é o de entregar 200 composteiros a persoas con domicilio no concello de Allariz que dispoñan dunha zona verde na vivenda e queiran autoxestionar o seus residuos orgánicos coa obtención final dun fertilizante natural ou compost.

A entrega do composteiro vai acompañado dunha visita posterior de seguimento para comprobar se composteiro está correctamente instalado nunha zona óptima, se hai presenza de mosquiña, de impropios... en definitiva, se está a ter o proceso de compostaxe correctamente. Ademais, aproveitase a visita para resolver dúbidas e cuestións ás persoas usuarias e para a toma de datos dos parámetros: temperatura, humidade e proporción axeitada de C/N.

As visitas de seguimento realízanse aproximadamente 1 mes despois de ser entregado o composteiro; posto que é tempos suficiente para que as persoas usuarias o poñan a funcionar e realmente é cando comezan a aparecer as dúbidas.

A acollida por parte da veciñanza destas visitas de seguimento é moi boa, obtendo unha valoración final pola súa parte moi satisfactoria. Isto é debido a que senten que pertencen a un proxecto e que a labor que realizan é útil para a consecución dos obxectivos de dito proxecto.

CURSO DE FORMACIÓN

Durante un período de 6 días repartidos en dúas quendas diferentes ata completar 30 horas, as educadoras ambientais de ADEGA impartimos un curso teórico-práctico sobre a compostaxe a todo o persoal técnico do concello co obxectivo de que obteñan os coñecementos precisos para unha correcta xestión dos residuos e das áreas de compostaxe comunitaria, ademais de intercambiar os coñecementos adquiridos ao longo destes anos de desenvolvemento dos

proxectos de compostaxe. O curso pretende dotar ao persoal do concello con ferramentas para afrontar os posibles erros que poidan xurdir e poder resolvelos.

Os contidos teóricos do curso foron os relativos aos colectores e a correcta separación, ao proceso de compostaxe tanto comunitaria como caseira e a resolución de erros e problemas que poidan ocorrer no transcurso do proxecto. Repasamos o marco normativo europeo, estatal e autonómico vixente en materia de residuos e a lexislación aplicable á compostaxe. Finalmente, manexamos os composteiros comunitarios co persoal encargado de dita xestión.

E unha formación específica para o persoal que recolle as demandas da cidadanía, para poder dar unha explicación básica sobre a capacidade dos distintos modelos de composteiros, as necesidades de superficie e oportunidade de uso do sistema individual ou comunitario, podendo indicarlle á cidadanía que zona de uso lles correspondería.

CREACIÓN DE MATERIAL DIVULGATIVO

Detectouse a necesidade de crear novo material divulgativo para reforzar certos aspectos na que a xente aínda cometía erros. A aparición de “novos residuos” como as bolsas compostables e as máscaras tivo como consecuencia actualizar o material divulgativo en materia de residuos para acompañar nas campañas de sensibilización á cidadanía. Así, levouse a cabo por parte de ADEGA o deseño dun tríptico para o porta a porta e un folleto para repartir en diferentes eventos que teñen lugar no concello, tales como festas e feiras (ver Anexo III).

Ademais entregouse nos centros educativos unha Guía de Actividades de Compostaxe nos Centros de Ensino de ADEGA previamente deseñada e impresa para este fin.

Elaboráronse cartaces para abrir o prazo de inscrición e divulgar a posta en marcha do proxecto para todas aquelas persoas interesadas en participar. Isto tivo trasladouse á prensa escrita e foi difundido en distintas ocasións na páxina web e RRSS do Concello de Allariz e nas propias de ADEGA.

Finalmente, ao longo do proxecto entregáronse 200 Manuais de Compostaxe Caseira de ADEGA, facéndose unha nova tirada para este proxecto e entrega ás novas persoas usuarias.

Resultados

Tal e como se mencionou con anterioridade na presente memoria, este ano 2021 realizouse unha campaña informativa porta a porta na vila de Allariz e nos núcleos adxacentes. As educadoras ambientais de ADEGA visitaron todas as vivendas explicando a importancia da separación e da reciclaxe. Ademais tamén se entregou un funil para facilitar a separación do aceite de cociña usado e os folletos informativos sobre separación. No transcurso das visitas resolvéronse dúbidas e animouse á veciñanza a participar, sobre todo a aquelas persoas que non separan nin participan en ningún programa de compostaxe caseira nin comunitaria.


A todas aquelas persoas que se inscribiron no programa de compostaxe comunitaria, entregóuselles un caldeiro para botar a MO. A todas aquelas persoas que teñen unha finca, horta ou xardín tamén se lles incentivou a participar no programa de compostaxe caseira. Así, nesta campaña porta a porta, a todas aquelas persoas que quixeron responder realizóuselles unha enquisa sobre o uso do composteiros comunitarios e a separación en xeral nos RSU.

As preguntas realizadas da enquisa de compostaxe comunitaria (ver Anexo) son as que se amosan a continuación:


- Se utilizan as áreas de compostaxe comunitaria
- Motivo por cal non utilizan as áreas de compostaxe
- Cada canto van á área de compostaxe
- Se utilizan as áreas ou o contedor de fracción resto
- Se separan o resto das fraccións
- Se están contentas co proxecto de Allariz
- Se consideran facer algunha mellora

Atopamos un total de 257 vivendas que se prestaron a responder as enquisas. Nos seguintes puntos analizamos os resultados obtidos:

RESULTADOS ENQUISA DE COMPOSTAXE COMUNITARIA




Como podemos ver a maioría da xente utiliza ás áreas de compostaxe. En relación ás persoas que non o fan preguntámoslle os motivos e as respostas amósanse a continuación:



Podemos observar na gráfica que a maioría das persoas non utilizan ás áreas de compostaxe é porque xa teñen composteiros nas súas fincas ou algún familiar. O seguinte motivo é o descoñecemento do proxecto de compostaxe xa que levan pouco tempo vivindo en Allariz. Asimesmo, a estas persoas facilitóuselles toda a información necesaria para utilizar ás áreas de compostaxe e poder solicitar un composteiro doméstico.



Realizouse esta pregunta debido a que segue haber unha falsa crenza de que botar nos composteiros residuos tales como carne e peixe atrae aos animais (roedores, felinos, mosquiñas e outros) e produce malos cheiros. O porcentaxe de xente que segue a crer niso é baixo pero cómpre continuar informando a importancia de non depositar a materia orgánica no colector verde, e tentar desmentir as falsas crenzas para obter un compost de calidade.



A media das unidades familiares sobre a frecuencia de aporte de residuos ao composteiro é de 2 veces por semana. Datos que revelan o feito de tomar conciencia sobre a cantidade que tiraban antes de compostar e que comezaron facer compras máis eficientes para non xerar tanto lixo.



Como amosa o gráfico, a maioría das persoas enquisadas afirma separar o resto das fraccións de residuos, datos que levan observándose dende que comezou o proxecto. Isto ven dado porque cando as persoas comezan a separar a fracción orgánica e levala ao composteiro, leva parello a mellora da separación das demais fraccións. O 2% das persoas que non separan din que é que os colectores se atopan moi lonxe (a maioría persoas maiores e que viven no casco histórico de Allariz).

Nas enquisas preguntábase que área de compostaxe comunitaria se utilizaba e as persoas usuarias da área “Fuxón Santán” coincidiron en que había que facer melloras na área de aporte de restos vexetais.

Finalmente, algunhas persoas usuarias solicitan unha zona de aporte de auga sobre todo para poder lavar os caldeiros onde levan a materia orgánica e así evitar o uso de bolsas.

Propostas de mellora

Algunhas das melloras xa foron achegadas nos apartados anteriores, como conclusións da análise das observacións de campo realizadas pola equipa técnica de ADEGA, das entrevistas mantidas co persoal municipal e das empresas responsables da recollida. Neste apartado achegamos un resumo das mesmas segundo a tipoloxía dos R.S.U. a tratar.

COLECTOR FRACCIÓN RESTO

Tal e como se relatou en apartados anteriores, a presenza de impropios nos colectores verdes continúa a ser elevada.

Algunhas recomendacións para reducir a presenza destes materiais no colector verde, que non son os axeitados sempre é reducir a cantidade de residuos, seguido de aumentar o número de

persoas participantes nos programas de compostaxe (hai que ter en conta que arredor do 40-60% da nosa bolsa de lixo é MO, e polo tanto, compostable). Isto só é posible realizando campañas de sensibilización, divulgación e educación ambiental, reforzando o eixo dos 3R e da correcta separación en orixe dos residuos e o impacto ambiental que conleva as malas prácticas na xestión dos residuos.

Asimesmo recomendase á Concellaría de Medio Ambiente, tras a petición por parte da veciñanza, dunha maior frecuencia na limpeza dos contedores. Sen dúbida a suciedade procede en boa medida dun mal uso dos mesmos, ao introducir neles MO, mais a limpeza semella necesaria. Dende o Concello confírmannos que a comezos do ano 2022 realizarase esta actuación.

COLECTOR ENVASES LIXEIROS

A presenza deste colector nas aldeas debe que ser igual ou maior que a de colectores verdes, para fomentar a reciclaxe. Tendo en conta o elevado volume de envases (latas, *bricks*, plásticos e outros materiais) que cada vez en maior medida invaden a nosa cesta da compra, sen excepción do rural, a pesares da normativa. O que fai que sen dúbida esta sexa fracción dos RSU que maior volume representa.

Na análise de partida precisábanse máis colectores amarelos debido ao desgaste dos que estaban instalados, mais é preciso tentar arranxar os danados para tamén así xerar menos residuos, nunha labor de reciclaxe directa. Ademais de realizar o novo despregue que se analizou anteriormente.

Recoméndase a realización de campañas de educación ambiental nas que se fomente a boa separación en orixe pero sobre todo a redución dos plásticos de un só uso.

COLECTOR DE VIDRO

Reforzar a presenza dos mesmos nalgún punto, xa que é un colector que funciona bastante ben e no que se detectan poucos impropios. A cifra acadada é de 38 kg/hab/ano, que representa máis do dobre do acadado a nivel da Provincia de Ourense e da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes datos reflexan o compromiso amosado pola veciñanza de Allariz coa correcta separación en orixe, mais cómpre sinalar a compoñente hostaleira derivada da presenza turística.

Fomentar a separación de está fracción para que non remate no colector verde, debe seguir a ser un dos obxectivos dos proxectos futuros. Pero isto tamén se conseguirá indirectamente actuando na mellora da separación da MO.

A proposta é continuar a separar ben neste tipo de contedor fomentando o seu uso axeitado mediante campañas de divulgación, sensibilización e educación ambiental.

COLECTOR DE PAPEL E CARTÓN

Detectouse que na zona do Polígono Empresarial a separación de esta fracción non é correcta, sendo bastante deficiente con respecto ao resto das zonas urbanas (no Polígono non hai colectores de papel-cartón de recollida en camiión, hai algún local como Finarrei cun contedor azul para uso propio e recollida porta a porta).

Por isto faise necesario realizar unha campaña informativa que fomente a boa separación nesas zonas, xa existe un gran aporte desta fracción nas zonas empresariais con residuos de gran volume, chegando actualmente á cifra de 20 kg/hab/ano de fracción recuperada.

No ámbito rural, observouse un aumento dos pedidos que chegan en paquetes, o que ten como consecuencia un incremento nos residuos de cartón, que en moitos casos acaba nos contedores verdes. Este é un factor que se debería ter en conta para futuros cambios e modificacións na recollida dos RSU.

Resulta certo que a ampliación deste proceso de separación nos pequenos núcleos de poboación, resulta discutible dende un punto de vista ecolóxico e económico, precisamente polo gran volume e escaso peso do material. Polo tanto o despregue farase sempre en zonas con maior número de habitantes, onde se pode concentrar a recollida.

As propostas de mellora poden facerse mediante a colocación de contedores específicos ou a través de melloras na recollida do servizo municipal porta a porta no Parque Empresarial de Chorente. Dado que nesta zona e na vila de Allariz son nas que se pode actuar. Con respecto ao resto de núcleos de poboación, deberán facerse campañas de concienciación na busca do compromiso persoal para achegar estes materiais ata os contedores da vila. Ademais de propoñer utilizar o cartón nas estufas de leña das casas en inverno .

Cómpre resaltar que o mellor lixo é o que non se produce polo que as actuacións deberán ir encamiñadas a realizar compras responsables e a reducir os envases por parte das administracións, aplicando as normativas vixentes.

COMPOSTAXE CASEIRA

Detectouse a necesidade, para os usuarios do composteiros, dunha charla inicial, acompañada da entrega dun manual de boas prácticas na compostaxe, para así establecer as bases un correcto funcionamento do mesmo. Moitas das persoas usuarias están acostumadas as “esterqueiras” e o funcionamento do composteiro non é o mesmo, polo que ao non saber teñen erros que se poderían evitar cunha charla inicial.

Tamén moitos usuarios non botan os restos de cociña, xa que pensan que non se deben tirar e que poden crear cheiros, malia que isto é corrixido coa visita de seguimento, cómpre realizar máis campañas informativas sobre a compostaxe e charlas iniciais no programa ás persoas participantes.

Por estes varios motivos vemos que é precisa unha pequena charla inicial onde os usuarios e usuarias podan esclarecer todas as súas dúbidas.

COMPOSTAXE COMUNITARIA

Debido ao uso diario as zonas de compostaxe, estas vanse deteriorando, polo que faise necesario algún arranxo e/ou ampliacións (en concreto nas zonas de aportación de restos vexetais) para un uso eficiente das mesmas.

Ditas zonas de aportación son utilizadas para depositar os restos procedente das podas que se fan nas casas particulares. Observouse que algunhas zonas de aportación están a ser utilizadas por empresas privadas. Por tanto, cómpre informarlles de que existen zonas de aporte no Polígono máis axeitadas para as cantidades que xeran, e así non saturar as áreas de compostaxe da vila de Allariz. As propostas son a seguintes:

- Ampliación de 1-2 módulos na área de “Fuxón-Horto Comunitario”
- Ampliación de 2 módulos na área de “ Portobello”
- Mudar de sitio os caixóns de estruturante e compost na área de “Portobello”
- Ampliación de 2 módulos na área de “Centro médico”
- Ampliación de 2 módulos na área de “As Laxas”
- Ampliación de 2 módulos na área de “Notaría”
- Ampliación de 1-2 módulos na área de “Casa da mocidade”
- Ampliación de 1- 2 módulos na área de “Roimelo”
- Ampliación de 1-2 módulos na área de “Instituto”
- Cambio de ubicación dos composteiros e caixas no parque de San Isidro por reforma do mesmo.

Conclusións

Ao remate deste Proxecto de Xestión da materia orgánica *in situ* obtivéronse os resultados esperados e acadouse o obxectivo xeral do proxecto que era o de divulgar a compostaxe, demostrando a viabilidade deste modelo descentralizado de xestión dos residuos orgánicos ao tempo que se vai consolidando como unha alternativa ecolóxica e de futuro.

A evolución deste proxecto ao longo do tempo foi favorable, chegando a acadar actualmente unha taxa de reciclaxe de aproximadamente un 49%, números que contrastan coa media de taxa de reciclaxe no país que é dun 9% (datos proporcionados por SOGAMA).

De xeito xeral cabe destacar que a compostaxe caseira é unha práctica sinxela e viable na que poden participar todos os membros da familia, dende os maiores ata os máis cativos. Tamén é adaptable a toda clase de vivendas cun terreo adxacente, ben sexa pequeno xardín, unha leira, unha horta, etc.

O solo fértil e as zonas verdes do concello, cando os examinamos dende a perspectiva da problemática dos residuos, convértense nun sumidoiro de lixo orgánico. Esta é a fracción dos RSU que supón un recurso imprescindible, a materia orgánica que precisan os solos galegos. Deste xeito os terreos non urbanizados son esenciais, pensando na saúde da vila e das persoas que a habitan pero tamén útiles para a redución do lixo.

Producir compost na casa a partir da fracción orgánica do lixo ten ademais outros beneficios alén da redución en peso dos residuos que son transportados ás plantas de tratamento como neste caso, SOGAMA. A cidadanía síntese protagonista da reciclaxe e da xestión dunha parte dos seus residuos. As persoas fican sorprendidas ao ser conscientes da redución no volume do cubo de lixo na cociña e as viaxes ao contedor municipal, ademais da posibilidade obter un produto útil e de calidade. O compost producido a nivel de fogar ten unha calidade que acada as esixencias da agricultura ecolóxica segundo amosan as análises realizadas en programas de características semellantes. Deste xeito tamén se reduce a dependencia da cidadanía na compra de turba ou fertilizantes para xardín e horta. As persoas participantes producen o seu propio abono, no cal confían e supón un motivo de orgullo.

Cómpre sinalar que no concello de Allariz moitas das persoas participantes non aproveitaban os residuos orgánicos, soamente o céspede ou herba. Así, despois deste proxecto todos os restos orgánicos son aproveitados dun xeito ecolóxico e sustentable, coa redución de toneladas enviadas a SOGAMA que isto implica.

Ademais, valorouse positivamente por parte das persoas participantes as visitas de seguimento polo feito de contar con persoal técnico especializado a quen preguntarlle as dúbidas e que sexan resoltas no momento de xeito personalizado.

Isto é debido a que algunhas persoas participantes son xente nova que entra a formar parte destes proxectos e non ten vinculación coa terra e os traballos de campo tradicionais como o uso da esterqueira. Moita xente apuntase por conciencia ambiental e mellorar a xestión dos residuos. Por outra banda as persoas participantes de maior idade tamén agradeceron as visitas de seguimento, alegando a maioría que son necesarias para resolver dúbidas.

Dende ADEGA recomendamos a todos os sectores da sociedade (administracións, centros de ensino, asociacións veciñais, poboación en xeral...) unha aposta clara pola compostaxe como única medida viable de xestión da fracción orgánica do lixo. Doutro xeito estaríase incorrendo no erro duplo de empobrecer os solos galegos debido ao déficit de materia orgánica na súa composición, ademais de desbotar recursos económicos e enerxéticos que supoñen este tipo de residuos.

Agradecementos

Agradecemos ao Concello de Allariz o seu apoio e colaboración ao longo deste proxecto. Tamén ao IES Allariz e o CEIP Padre Feijoó pola súa acollida e por apostar por unha educación xusta co medio ambiente.

Tamén a todas asociacións veciñais, aos comerciantes, e en definitiva, a todas as persoas que dun xeito ou outro colaboran na xestión dos residuos e participan nos programas de compostaxe.

Anexos

I. Folleto campaña porta a porta

PROGRAMA DE COMPOSTAXE *participa!*

Solicita un composteiro ou forma parte da compostaxe comunitaria contactando con nós

☎ 988 440 001
✉ medioambiente@allariz.gal
🌐 www.allariz.com/re/

COMPOSTAXE CASEIRA



🏠 Se vives nunha casa e tes horta ou xardín solicita un composteiro!

COMPOSTAXE COMUNITARIA

- 1ª Separa os residuos orgánicos na casa
- 2ª Deposítalos no composteiro (pegatina de "composteiro en uso")
- 3ª Colle restos de poda triturada no caixón B e cubre os restos (evitaremos cheiros e mosquitas)
- 4ª Podes coller compost do caixón C
- 5ª Deixa os restos de poda e/ou herba na zona de aportación D



❌ O que **NON** debes botar:
Capichas
Máscaras
Cueiros, compresas e tampóns
Papel de xornais ou revistas

⚠️ Lembra baleirar as bolsas compostables antes de botalas!



Un Allariz máis limpo é cousa de todas





REDUCE SEPARA COMPOSTA CORRECTAMENTE DEPOSITA NO LUGAR CORRESPONDENTE REUTILIZA



Os nosos residuos, a nosa responsabilidade

<p>CONTEADOR AZUL</p> <p>Que botamos aquí? PAPEL CARTÓN</p>  <p>Folios, Libros e cadernos, Xornais e revistas, Bolsas de papel, Caixas de cartón, Oveiras de cartón</p> <p>⚠️ Os restos deberán ir sen grampas, espirais ou restos de comida. Mellor pregados.</p>	<p>CONTEADOR AMARELO</p> <p>Que botamos aquí? ENVASES</p>  <p>Latas, Bricks, Tapas e tapóns, Envases de plástico, Todos os envases con este símbolo</p> <p>⚠️ Baleira os envases e pregaos antes de botalos. Lembra reducir o consumo de plásticos.</p>	<p>COMPOSTEIRO</p> <p>Que botamos aquí? ORGÁNICO</p>  <p>Restos de comida (incluído carne e peixe)</p> <p>Cunchas de marisco, Servilletas e papel de cociña, Pouso do café, Restos de plantas, Bolsiñas de infusións</p> <p>⚠️ Todo o orgánico é biodegradable, polo tanto compostable!</p>
<p>IGLÚ VERDE</p> <p>Que botamos aquí? VIDRO</p>  <p>Tarros, Botes, Botellas</p> <p>⚠️ Lembra quitar as tapas, tapóns ou corchos. Os espellos e outros cristais non son vidro!</p>	<p>CONTEADOR VERDE</p> <p>Que botamos aquí? RESTOS Todos os residuos que non cadran no resto de contedores</p>  <p>Cepillos, Vaixela rota, Cabichas, Cueiros, Compresas e tampóns, Luvas látex, Máscaras sanitarias</p> <p>⚠️ Os residuos que van a este contedor non se reciclan.</p>	<p>ACEITE USADO DE COCIÑA Contedor laranxa e verde Debe ir nunha botella pechada</p>
		<p>PILAS, BATERÍAS E LÁMPARAS Nos establecementos de venda</p>
		<p>ELECTRODOMÉSTICOS Cando mercas un novo, a tenda debería recoller o vello</p>
		<p>RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS Concello de Allariz, nos teléfonos: 988 440 001 - 686 477 222</p>

II. Enquisa Compostaxe Comunitaria

Enquisa de Compostaxe Comunitaria en Allariz

1. Usa os composteiros comunitarios?

- a) Si
b) Non, por que?.....
Non teño espazo Non quero Non teño tempo
Outras:

2. Que área de compostaxe utiliza?

Fuxón principal	Fuxón Hotel-AC	Fuxón horto comunitario	Fuxón Santán
Portobello	Fonte San Isidro	Mercado Reserva	Centro médico
Rosalía de Castro	Alfredo Nan	Notaría	Supermercado Aquí
Rotonda Eroski	Casa da Mocidade	Roimelo	Praza Pombal
Barrio Xudeo	Salesianos	Estrada Xunqueira principal	Rotonda Estrada Xunqueira
Piscina	As Laxas	Rúa Alarico	IES

3. Cantos habitantes hai na vivenda? Idade?

4. Comen habitualmente na casa?

- a) Non b) Si c) Comemos máis de 3 días á semana

5. Que residuos leva ao composteiro?

- a) Vexetais de preparar a comida
b) Todo, carne, peixe e comida cociñada
c) Outras

6. Desde que comezou a compostar, leva sempre os residuos orgánicos ao composteiro, ou só ás veces?

- a) Sempre b) A metade das veces c) Moi poucas veces

7. Cada canto levan os residuos ao composteiro?

- a) Todos os días
- b) 3 -4 veces á semana
- c) 2 veces á semana
- d) 1 vez á semana
- e) Esporadicamente

8. Separan o resto das fraccións? Dende cando?

- a) Si, antes ou despois do programa de compostaxe
- b) Si, non todas as fraccións, so..... antes ou despois do programa de compostaxe
- c) Non

9. O máis positivo da compostaxe comunitaria?

10. O mais negativo?

11. O proxecto mudou a súa percepción sobre a compostaxe?

- a) Si, en que?
- b) Non

12. Cree que o uso do composteiro debería ser obrigatorio?

- a) Si
- b) Non

13. A información recibida sobre a compostaxe foi suficiente?

- a) Si
- b) Non.....

14. Faría algunha mellora NA RECICLAXE DE MATERIA ORGÁNICA?

- a) Non
- b) Si, Cal?.....

15. Faría algunha mellora NAS ÁREAS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA?

- a) Non
- b) Si, Cal?.....

III. Folleto campaña “Eventos Sostibles”

GUÍA DE EVENTOS SOSTIBLES

CONCELLO DE ALLARIZ

CONTEDORES DE RECICLAXE

Ás veces cando imos de festa non nos preocupamos do lixo que xeramos nin onde tiralo correctamente. Por iso, é moi importante seguir separando nos contedores axeitados.

Lembra que en Allariz existen as **ÁREAS DE COMPOSTAXE COMUNITARIAS** nas que se recíclaa a materia orgánica.



VASOS REUTILIZABLES

A mellor solución para reducir a cantidade de lixo xerado cando consumimos en eventos ao aire libre. Así reducimos a nosa pegada ecolóxica e gozamos dunhas festas sen lixo polo chan.



PRODUTOS DE PROXIMIDADE

Fomentar o comercio local e o mercado dos pequenos produtores e produtoras de Allariz que producen en ecolóxico. Anímate a descubrir o que nos ofrecen.

QUERES COMPOSTAR NA CASA?

O Concello proporciona á veciñanza **composteiros domésticos**. Iniciativa que leva anos en Allariz para reducir a bolsa do lixo e transformar os residuos orgánicos en compost, pechando o ciclo natural da materia orgánica.



SE ESTÁS INTERESADA/DO ENVIÁ UN CORREO A: medioambiente@allariz.gal


Poderás ter na túa casa un compañeiro como este!



III. Galería de imaxes



Imaxes correspondentes a algunhas das visitas de seguimento do programa de compostaxe caseira



Imaxes correspondentes a algunhas das visitas de seguimento do programa de compostaxe caseira



Imaxes da campaña de “Eventos Sostibles”



Imaxes correspondentes ás charlas no IES Allariz



Imaxes da exposición e charlas de compostaxe no CEIP Padre Feijóo



Imaxe dunha charla sobre residuos nunha parroquia



Imaxe so curso ao persoal técnico do concello

IV. Dossier de prensa



NOVAS CULTURA DEPORTES MEDIO AMBIENTE FIXA

< Anterior Siguiente >

O Concello de Allariz pon en marcha unha nova campaña con ADEGA.



Coincidindo coa Semana Internacional da Compostaxe (ICAW) do 5 ó 11 de maio, o Concello de Allariz da man da Asociación Ecoloxista ADEGA pon en marcha unha campaña de concienciación sobre a redución, reutilización e reciclaxe dos nosos residuos, que prolongará a súa execución ata o mes de novembro, centrada especialmente na compostaxe.

Esta campaña conta coa colaboración económica da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de



NOVAS CULTURA DEPORTES MEDIO AMBIENTE FIXA

< Anterior Siguiente >

O Concello de Allariz da man da Asociación Ecoloxista ADEGA prosegue na súa labor de concienciación a prol da separación, a reutilización e a reciclaxe.



Este xoves día 7 de outubro, ás 19:00 horas no salón de plenos municipal, técnicas de ADEGA realizarán unha charla sobre compostaxe dentro do programa de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para o fomento desta medida recollida no Programa Europeo Horizonte 2020. Estas actuacións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, sendo a inversión subvencionable de 41.471,50€.

Durante a charla a veciñanza poderá adquirir coñecementos básicos sobre compostaxe individual e comunitario, solicitando ademais os medios para poder implementalo.

Aproveitarase para dar a coñecer os obxectivos acadados na execución do proxecto que está



NOVAS CULTURA DEPORTES MEDIO AMBIENTE FIXA

< Anterior Siguiente >

O Concello de Allariz da man da Asociación Ecoloxista ADEGA prosegue na súa labor de concienciación a prol da separación, a reutilización e a reciclaxe.



Inicio / Buscador / En marcha os Programas de Compostaxe Caseira e...

19-05-2021

En marcha os Programas de Compostaxe Caseira e Comunitaria da man de ADEGA

Comezo da campaña de concienciación sobre a xestión ecolóxica do lixo no concello de Allariz

Co gallo da Semana Internacional da Compostaxe (ICAW), en ADEGA estivemos a pasada semana no concello de Allariz poñendo en marcha unha campaña de concienciación sobre a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos, centrada especialmente na compostaxe que se prolongará ata o mes de novembro.

O desenvolvemento da mesma, suporá a entrega de 200 composteiros de uso individual para a recuperación da materia orgánica producida nos fogares que dispoñan de finca, especialmente aqueles situados no rural do municipio. Ademais, a equipa técnica de ADEGA levaremos a cabo charlas informativas e de formación en compostaxe nas parroquias e nos centros de ensino.

Este proxecto conta coa colaboración económica da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, sendo a inversión subvencionable de 41.471,50€. O obxectivo é superar o 50% na separación e reciclaxe dos residuos xerados en Allariz ao longo do ano 2021. Porque só traballando en comunidade podemos conseguilo!

Aqueles persoas con residencia no concello de Allariz e interesadas na obtención dun composteiro poderán enviar un correo electrónico a itziar@adega.gal, medioambiente@allariz.gal ou contactando no teléfono 988 440 001.

